

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

Consellería da Presidencia e Administración Pública

Resolución do 23 de marzo de 1992, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se modifica a do 19 de decembro de 1990 de creación da Revista Galega de Administración Pública (REGAP).

A necesidade de facer operativos os órganos da revista aconsella modificar parcialmente a resolución do 19 de decembro de 1990 da EGAP pola que se creou a *Revista Galega de Administración Pública*.

Así, os números 2, 3, 4, 5, 6 quedarán da seguinte maneira. O número 7 suprimese.

2º O contido da revista axustarase en liñas xerais á seguinte estrutura:

a) Estudos e artigos científicos (cunha especial atención á Administración autonómica, local, función pública e ciencia da Administración).

b) Actualidade legislativa e xurisprudencial.

c) Crónica.

d) Bibliografía.

3º O director da EGAP ostentará a dirección da revista e estará asistido polo Consello da REGAP e pola Secretaría Técnica.

4º O Consello da REGAP, que estará constituído por figuras do eido xurídico, terá como funcións a orientación e determinación das liñas básicas de investigación da revista, así como a selección dos estudos e traballos que se publicarán na REGAP.

5º A Secretaría Técnica da REGAP, composta por funcionarios ó servizo da Xunta de Galicia, encargárase da preparación e presentación ó Consello do contido de cada número da revista.

6º Os membros do Consello e da Secretaría serán designados por resolución da Dirección da EGAP.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 1992.

Jaime Rodríguez-Arana Muñoz
Director da Escola Galega de Administración
Pública

Consellería de Economía e Facenda

Orde do 25 de marzo de 1992 pola que se dictan normas para a confección de nóminas do persoal ó servizo da Administración autonómica para o ano 1992 e se revisan as súas retribucións.

A Lei 2/1992, do 17 de marzo, modificou a contía das retribucións establecidas na Lei 15/1991, do 28 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1992, como consecuencia da desviación entre o índice de prezos ó consumo realmente producido na Comunidade Autónoma de Galicia en 1991 e o previsto inicialmente para o dito exercicio, polo que procede adecuala orde da Consellería de Economía e Facenda do 10-1-1992, pola que se dictan normas sobre a confección de nóminas do persoal ó servizo da Administración autonómica para o ano 1992 (DOG nº 14 do 22-1-1992), ó establecido na dita lei.

En consecuencia, con efectos do 1-1-1992, o incremento das retribucións, respecto a 1991, dos funcionarios públicos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 4/1988, do 26 de maio, ó que se refiren os apartados 1.1, 1.2, 5.4 e 5.5 da dita orde, se eleva do 5 ó 6,1%, quedando substituídos os seus anexos I, II e III polos que se unen á presente orde.

Así mesmo, as retribucións do persoal a que se refiren os puntos 5.1, 5.14 e 5.15 da orde do 10 de xaneiro, experimentarán igual incremento, quedando substituído o anexo V polo que se xunta coa presente orde.

De acordo co anterior, tódalas contías dos conceptos retributivos que se detallan nos citados anexos experimentarán un incremento, por unha banda, do 0,6667%.

Por outra, o importe global das retribucións obtidas conforme o parágrafo anterior, experimentarán un novo incremento do 0,3784%, que terá o carácter de remuneración adicional, para os efectos da estrutura retributiva do persoal da Administración da Comunidade Autónoma.

Finalmente, a referencia contida no apartado 1.3 da citada orde do 10 de xaneiro, de que, para os efectos da absorción dos complementos persoais e transitorios só se computarán o 50% do incremento de retribucións de carácter xeral establecido na Lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1992, entenderase referida ós incrementos de igual natureza establecidos na mencionada Lei 2/1992.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 1992.

José Antonio Orza Fernández
Conselleiro de Economía e Facenda